

AS TRABALLADORAS NA CONSERVA

Cada día hai mais mulleres paradas e no mercado de traballo seguen tendo prioridade os homes; o problema acentua-se mais na medida en que aumenta o paro.

A competitividade é maior nos traballos que están mais cualificados socialmente, nos millor pagados. A nós tocan-nos os piores traballos se non queremos quedar na casa.

Hai sectores, como o da conserva (donde a maioría da plantilla está formada por mulleres) que reflexan a situación de discriminación que sofren as mulleres, precisamente o traballo que realizan nas fábricas conservas non está cualificado.

Os empresarios saben perfectamente que o traballo que fan as mulleres sae-lle bastante mais barato que se o fixeran homes, e por outra parte é un tipo de traballo bastante penoso, monótono e alienante.

Os poucos homes que están na plantilla son "encargados" de controlar as mulleres, moitos con fama de pasar-se con elas, insultándoas, presionándoas e agredíndoas, cando menos, verbalmente. Tamén hai administrativos e xerentes, todos con carácter de fixos de plantilla.

As mulleres son cáseque todas fixas-discontínuas, pero teñen moi pouco de fixas e cada vez máis de discontínuas.

Nos convenios que se pactan, cada vez saen pior paradas, os salarios son baixísimos; nen siquiera a garantía de traballar un mínimo de seis meses ao ano se recollía no último convenio (que só firmou U.G.T.), as prestacións por desemprego perigan, os empresarios esixen maior rendimento, moitos fan control de produción (medida bastante fastidiosa que xenera inseguridade e competencia entre as traballadoras), queren sacar todo o que poidan das traballadoras e non teñen nengún problema en face-las traballar a destallo, as horas extras, que na práctica son obrigatorias, están malísimamente pagadas e, polo convenio último, incluso teñen a oportunidade de devolver-las en horas de descanso, en vez de pagar-las. Por eso non é de extrañar cando escoitamos dicir a moitas que prefiren estar no paro. Están superexplotadas.

Os sindicatos seguen, por desgracia, nas mans dos homes e non se preocupan por problemas específicos das traballadoras, a formación sindical é baixísima nas mulleres; o problema da dobre xornada que realiza a muller asalariada impide-lle dispoñer de tempo para poder dedicar-se a cousas alleas á fábrica ou á casa-familia-filios.

Reivindicacións como : servizos colectivos, garderías, comedores, e que o traballo doméstico e coidado dos fillos sexan compartidos, non están asumidas polos sindicatos, pola pouca incidencia que as mulleres temos dentro deles. A falla de información e formación é cabreante, a maioría, a pesar de levar bastantes anos afiliadas a algún sindicato non coñecen nen o seu propio convenio, non asisten ás reunións porque non poden, (o por qué xa o dixemos), viven o sindicalismo como un asunto de homes, sinten-se inseguras para enfrentarse aos empresarios e loitar polos seus dereitos, os sindicatos potencian esta situación coas súas actitudes paternalistas, o seu labor maioritariamente asistencial, e o seu apoio ás leis proteccionistas como a de excedencia por maternidade, esquivándose dos verdadeiros problemas que impiden que a muller participe máis na vida sindical e de loitar contra a discriminación que sofre como traballadora.

En contrapartida hai que suliñar a participación das mulleres da conserva, nas últimas loitas que houbo en Galiza, en concreto, na folga pola reforma das pensións, na Ría de Arousa foron elas as mais combativas as que levaron a folga adiante, desbordando aos propios sindicatos, crearon un bon ambiente de unidade na loita. Algunhas delas (33 traballadoras de Peña-Vilaxoán), teñen a experiencia recente da loita que mantiveron pola defensa do seu posto de traballo, cando o empresario as quería botar a rua, loitaron e ganaron; e moitas aprenderon que se non loitamos polos nosos dereitos, segueremos estando discriminadas e explotadas.



ASAMBLEA DE MULLERES DE AROUSA

libreiría
abraxas

Montero Ríos, 50
Teléfonos 58 03 77 - 58 05 87
SANTIAGO DE COMPOSTELA

andaina

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA

N.º 8 - Novembro-December 1985

DOSIER: 10 ANOS DE
LOITA FEMINISTA

XORNADAS,
ENCANTROS,
DECENIOS

PROSTITUCION:
O NOSO CORPO, A NOSA SEXUALIDADE

ALGUNS PREXUICIOS ENCOL DO FEMINISMO

AS MULLERES NOS CONFLICTOS
LUDISTAS

TRABALLADORAS DO SERVICIO DOMESTICO E DA CONSERVA

LIBROS,
CINE,
COMENTOS,
COMIC
DENUNCIAS,
ELEICIONS,
ABORTO.

